

Comunidade aberta de antropólogos

Benvidos a Anthroponet

O portal web da Antropoloxía creado pola

Asociación Luso-Galega de Antropoloxía Aplicada (ALGA)

Anthroponet.org é un espazo aberto a disposición da comunidade de antropólogos: profesores, profesionais e estudantes de Antropoloxía e para todas as persoas interesadas na Antropoloxía Social e Cultural.

Anthroponet é un portal creado e financiado por ALGA (Asociación Luso-Galega de Antropoloxía Aplicada).

Â

¿Por qué?

Anthroponet

nace da conciencia da necesidade de potenciar o carácter aplicado da Antropoloxía, o seu compromiso coa realidade social e a defensa dos espazos profesionais da disciplina. Â Anthroponet pretende ser unha aportación para crear sinerxias, contactos e cohesión na comunidade de antropólogos.

Â

Obxectivos e fins de Anthroponet

- Dar a coñecer as actividades e liñas de investigación da comunidade científica de antropólogos.
- Ofrecer un portal para a difusión dos resultados de investigación.
- Servir de ferramenta de traballo para os investigadores.
- Servir de ferramenta de apoio á docencia da disciplina nos seus diferentes campos.
- Facilitar o contacto entre investigadores con intereses complementarios e

impulsar a creación de redes múltiples baseadas en intereses comúns.

- Contribuir á defensa corporativa da Antropoloxía e da súa presenza nos diferentes campos profesionais.
- Crear foros de debate para impulsar a discusión en todos os niveis.
- Facilitar información sobre a organización de xornadas, simposios, congresos, encontros e outro tipo de eventos.
- Impulsar o desenvolvemento da Antropoloxía Aplicada e o diálogo interdisciplinar.
- Facilitar os enlaces a outros espacios antropolóxicos de interés.

webmaster@anthroponet.org